

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VILA DE CRUCES**

*ANUNCIO da aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións no Abeseiro-Toiriz.*

Expediente núm.: 3/2020.

Procedemento: Plan especial de infraestruturas e dotacións no Abeseiro-Toiriz.

Tramitación: aprobación inicial.

Logo de aprobar inicialmente, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 12 de xullo de 2024, o Plan especial de infraestruturas e dotacións no Abeseiro, parroquia de Toiriz, de conformidade co artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e co artigo 186.1.a) do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado mediante o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, sométese a información pública por prazo de dous meses contados desde a última publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, estará á disposición na sede electrónica deste concello:

<http://viladecruces.sedelectronica.es>

Durante o dito prazo, poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se consideren pertinentes ou obter copias.

Así mesmo, suspéndese o outorgamento das seguintes licenzas nas áreas afectadas polo plan especial e cuxas novas determinacións supoñan modificación do réxime urbanístico vixente, por un período de 12 meses.

Se transcorrido o dito prazo non se presentaron alegacións, o documento será elevado para a súa aprobación definitiva.

Vila de Cruces, 15 de xullo de 2024

Luis Celso Taboada Sánchez  
Alcalde

